# PROXECTO

# EDUCATIVO



## C.E.I.P. STA. Mª CASTRO

# ÍNDICE

**INTRODUCCIÓN**........................................................................................... 3

**I.- ANÁLISE DO CONTEXTO**

I.1.- SITUACION SOCIO-CULTURAL E ECONÓMICA DE CABO DE CRUZ.................... 4

I.2 .- ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO........................................... 5

**II.- NOTAS DE IDENTIDADE** .......................................................................... 7

**III.-PRIORIDADES EDUCATIVAS E PRINCIPIOS BÁSICOS** ..................... 11

**IV.- OBXECTIVOS XERAIS** ............................................................................. 12

IV.1.- OBXECTIVOS MÍNIMOS PARA OS DISTINTOS NIVEIS EDUCATIVOS................20

**V.- LIÑA METODOLÓXICA** ........................................................................ 62

**VI.- AVALIACIÓN** ......................................................................................... 66

**VII.-ESTRUCTURA ORGANIZATIVA** .................................................................69

VII.1.- COMPOSICIÓN XURÍDICA ............................................................... 69

VII.2.- CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO.........................................,,... 69

VII.3.- ÓRGANOS DE GOBERNO.............................................................,..... 70

VII.4.- EQUIPOS E COMISIÓNS..................................................................... 78

## ANEXOS

I- PROXECTO LINGÏÍSTICO
II- PLAN IGUALDADE
III- PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
IV- PLAN DE CONVIVENCIA
V- NOFC
VI- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL+
VII- PLAN LECTOR
VIII- PLAN TIC
IX- PROXECTO DE XESTIÓN
X- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

# INTRODUCIÓN

Ó longo do curso 95-96 o profesorado deste centro, encarou a tarefa de realizar o P.E.C. ( Proxecto Educativo de Centro), onde se recollen as liñas xerais de actuación deste centro público, que tomamos como referencia e que actualizamos este curso 2020-2021 para o seu axuste ó novo marco normativo e á realidade actual do noso Centro.

Este documento constitúe unha ferramenta que, como marco xeral de referencia, recolle os principios e acordos que servirán para guiar e orientar coherentemente as decisións que se tomen e as prácticas que as persoas e os grupos desenvolverán no noso Centro. É unha concreción da normativa xeral á nosa realidade que intenta responder ás preguntas: Onde estamos?, Quen somos?, Que pretendemos? e Como nos organizamos?. O documento deseña os obxectivos a conquerir e a estructura organizativa docente, tendo como referente o marco socio-cultural no que nos atopamos.

A participación da totalidade do claustro fixo posible a elaboración do antedito documento seguindo os procesos de colaboración, debate e consenso para deseñar as liñas fundamentais polas que se vai rexir o Centro. Asimesmo contribuíron a este proxecto os distintos estamentos da comunidade escolar, aportando información complementaria para a realización do mesmo.

Este Proxecto Educativo servirá de guía e orientación a calquera membro da comunidade sobre as notas de identidade polas que se rexirá o centro en cursos sucesivos.

# I.- ANALISE DO CONTEXTO

## I.1.- SITUACION SOCIO-CULTURAL E ECONÓMICA DE CABO DE CRUZ

O C.E.I.P Santa Mª do Castro, é un Centro público situado na localidade de Cabo de Cruz, nunha zona denominada Valiño. O seu asentamento é privilexiado xa que se atopa entre as montañas da Serra do Barbanza e a Ría de Arousa, nunha península situada ó sur do Concello coruñés de Boiro. Esta localización concede ó Centro grandes posibilidades de interacción co medio natural e, ó mesmo tempo, permítenos contar con elementos da contorna ós que se accede con facilidade.

Os núcleos de poboación son bastante dispersos ainda que non nun radio moi alonxado do colexio. A vivenda tipo desta zona é casa unifamiliar en propiedade, normalmente con terra ó redor.

O porto de Cabo de Cruz está en fase de expansión debido á súa gran actividade marítima, xa que a maioría da poboación traballa no mar, sendo o marisco unha parte importante da economía crucense. O sector do marisqueo, coa extracción de diversos bivalvos é o sustento dun número importante de familias. Por outra banda tamén está o sector do cultivo do mexillón en bateas (sector maioritario) e o sector conserveiro e transformador de productos da mar. Nesta zona tamén son usuais os traballos agrícolas en pequenas propiedades, aínda que esta última ocupación é máis ben para uso familiar e non para comercializar.

A intensa actividade laboral determina que na maioría das familias traballen os dous proxenitores, sendo o nivel económico, en xeral, medio-alto.

O nivel cultural das familias é medio-alto. Nos últimos anos o nivel de estudos dos/as proxenitores/as subíu considerablemente. Agora a maioría teñen rematados estudos superiores ou algún título de Formación Profesional.

A lingua habitual de comunicación, tanto coa familia como cos veciños, amigos, traballo, etc. é o galego. Todos os anos, atendendo á normativa vixente procédese á actualización do Proxecto Lingüístico a través dunha enquisa as familias de nova incorporación ó Centro para coñecer a súa lingua vehicular.

## I.2 .- ESTRUTURA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

A construción do Centro, que data do 1983, mantén en xeral un bo estado de conservación en gran parte gracias á labor do Conserxe; aínda que presenta certas deficiencias propias do desgaste sufrido co paso dos anos. Actualmente estamos á espera da substitución das xanelas, da reparación das fachadas dos dous edificios, de infantil e o principal, e da reparación do tellado.

O noso Colexio consta dun edificio principal, con 16 aulas, Aula de Música, Biblioteca, Ludoteca, Supermercado, Aula de Idiomas, Laboratorio, Aula de Plástica, Aula de Relixión, Aula de Psicomotricidade, Aula de Pedagoxia Terapéutica, de Audición e Linguaxe e Aula do D. Orientación; outro edificio secundario con 3 aulas de Ed. Infantil e un aula de teatro (este segundo edificio foi de construcción posterior) e unha última construción, neste caso edificada polos propios pais, que denominamos "A casiña" e que ten por finalidade realizar dentro dela tarefas que contribúan á coeducación, tales como poñer a mesa, facer as camas, varrer, etc. Tamén a utilizamos como zona de xogo nos recreos que o tempo o permite e para o desenrolo dalgunha actividade relacionada cos proxectos que traballamos na etapa de Educación Infantil.

Por outra banda , no recinto escolar hai tres pistas deportivas, unha pista de bolos inaugurada o curso pasado e unha área, noutros tempos, adicada a hortos escolares e invernadoiro.

O Centro conta na actualidade cunha matrícula de 142 escolares e un Claustro formado por 17 mestres e mestras, dos que 16 están en situación de propietarios definitivos, o que da pé a poder manter unha continuidade nos proxectos de traballo e na organización do Centro.

Todos os cursos, o profesorado está implicado en Seminarios e/ou Proxectos de formación en Centros, ademais da formación individual que cada quen se programa.

O alumnado distribúese nunha soa aula por nivel educativo, contando cada aula cunha media de 16 alumnos. A matrícula mantense bastante estable, oscilando entre os 140/150 alumnos.

Este curso escolar 2020-2021 estrenamos xornada continua en sesión única de mañá, con horario de 9:35 a 14:35. Todas tardes hai profesorado de garda para atender ó alumnado que queira facer uso da biblioteca do Centro.

Cóntase co servizo de transporte escolar, que vén sendo utilizado pola maioría dos nenos e nenas do colexio.

O Centro dispón de comedor escolar xestinado pola ANPA.

Os órganos colexiados APA e Consello Escolar, reúnense periódicamente e colaboran activamente no funcionamento do Centro. Todos os anos se celebra unha Semana Cultural, cun proxecto que desenvolva aspectos da cultura da contorna, de xeito que todos os membros da comunidade se sintan implicados no desenrolo do mesmo.

Na mesma liña, o Centro colabora habitualmente con outras entidades culturais e deportivas, tanto locais coma comarcais.

Ó longo do curso realizaranse no colexio diferentes tipos de celebracións, nas que se trata de potenciar as tradicións e costumes populares da nosa terra: magosto, samaín, nadal, entroido, letras galegas e semana cultural. Tamén se celebrarán as conmemoracións que veñen recollidas no calendario escolar.

# II.- NOTAS DE IDENTIDADE

## LINGUA DE APRENDIZAXE

A lingua vehicular é o Galego, tanto a nivel oral como escrito. Na aprendizaxe cúmprese o recollido no decreto de bilingüismo, procurando que ó remate do 6º curso de Ed. Primaria, o alumnado acade un correcto uso das dúas linguas.

## CONFESIONALIDADE

Definímonos como un centro aconfesional. Respectamos tódalas crenzas e confesións do alumnado, profesorado e demais compoñentes da comunidade educativa, renunciando asemade a toda manifestación de adoutrinamento e sectarismo, acatando as normas que sobre isto dictamine a administración educativa.

## EDUCACION PARA O CONSUMO

Neste centro propoñémonos contribuír ó desenvolvemento integral do alumnado, dotando de conceptos, procedementos e actitudes que posibiliten a construción dunha sociedade de consumo máis xusta ,solidaria e responsable, capaz de mellorar a calidade de vida de todos os seus cidadáns e cidadás, sen deterioro da contorna.

## COEDUCACIÓN

Unha das nosas liñas de identidade fundaméntase na defensa e desenvolvemento da igualdade entre ambos sexos, nun profundo respecto á individualidade e ás características propias de cada nena e de cada neno establecendo, en todas as áreas do currículo, canles de intervención potenciadoras da non discriminación en calquera ámbito da actividade escolar.

## MEDIO AMBIENTE

Pretendemos desenvolver na comunidade educativa unha sensibilidade e unha resposta activa no referente ó coidado do medio ambiente no recinto escolar e na contorna do centro.

## INTEGRACIÓN

Defendemos un modelo de ensino baseado na diversidade, tentando dar resposta ós intereses e ás necesidades educativas de todos os alumnos e alumnas mediante unha acción educativa centrada nos principios de integración e no principio de individualización.

## PLURALISMO E VALORES DEMOCRÁTICOS

A educación neste Centro, desenvolverase nun marco de tolerancia e respeto á liberdade dos demais e ás súas convicións, que asegure unha convivencia libre e pacífica e mantendo unha neutralidade ideolóxica diante de toda a comunidade educativa.

Por outra banda, estimulará en nenos e nenas valores dunha sociedade democrática, tales como: solidariedade, respecto ós demáis e actitude de diálogo.

## EDUCACIÓN PARA A PAZ

A vida neste Centro, desenvolverase nun marco de tolerancia e respecto á liberdade dos demais e ós seus valores, ás súas convicións, crenzas e confesións relixiosas, que aseguren unha convivencia libre e pacífica.

## EDUCACIÓN VIAL

Propoñémonos formar cidadáns socialmente responsables no seu comportamento nas vías públicas dende unha dobre dimensión: en sentido estricto de norma de circulación e como parte da súa formación cívica. DestPara esta formación contamos coa colaboración da Policía Local, que intervén directamente co alumnado a través dunhas xornadas de formación.

## EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

O coidado e valoración da saúde forma parte do que consideramos o "desenvolvemento integral" do alumnado e, dende o noso Centro, dámoslle unha especial importancia. Na etapa de infantil propoñemos o calendario de merendas, para que o alumnado aprenda a comer de

forma sá e variada; tamén participamos no Programa de reparto de leite e froita fresca na escola e organizamos os "Almorzos saudables" cos que achegamos ó alumnado un modelo de almorzo san e completo, non só ofrecéndolles a teoría, senon levándoo á práctica. Colaboramos coa USC e o CHUS no proxecto CORALS, un estudo lonxitudinal para determinar os factores de risco que se asocian á obesidade infantil.

## EDUCACIÓN FÍSICA E DEPORTE

Consideramos a educación física como outro dos pilares fundamentais para a educación integral. Dende o noso Centro fomentamos este ámbito coa participación en diferentes actividades complementarias deportivas e co fomento do deporte en xeral tanto dende a área de educación física como nos tempos de "recreo" co achegamento dos materiais necesarios e a facilitación de diferentes pistas deportivas: baloncesto, futbol, volei e bolos.

## FOMENTO DA LECTURA

Despertar no noso alumnado o gusto pola lectura supón unha das nosas metas educativas; fomentar a lectura non só como ferramenta para a aprendizaxe, senon orientada ó campo de lecer. Para iso organízanse dende o equipo de biblioteca numerosas actividades relacionadas con este ámbito: promoción de accións de voluntariado de biblioteca, organización de encontros con autores e ilustradores, exposicións temáticas…en definitiva un amplo abano de actividades que se desenvolven ó longo de todo o curso para infundir no noso alumnado o placer da lectura.

## FORMACIÓN DO PROFESORADO

Todos os anos desenvolvemos no Centro diferentes proxectos de formación, seminarios, grupos de traballo…que contribúen á formación dos docentes. Ademais a título individual cada docente fórmase naqueles ámbitos que considera máis necesarios para a súa práctica profesional ou aqueles que lles resultan máis significativos.

## AS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

As tecnoloxías da información e a comunicación supoñen non só un ámbito de formación para o noso alumnado, senon tamén un recurso para a busca de información e ampliación de coñecementos. Por este motivo, ademais de contar cunha aula de informática, cada aula conta cun PC, unha pantalla e un proxector. Tamén somos un "Centro E-Dixgal", contando as aulas de 5º e 6º coa dotación necesaria.

Este ano incluimos en todos os niveis educativos do centro unha sesión de informática, cunha proposta curricular propia, na que o alumnado se forma en aspectos específicos deste ámbito.

## RELACIÓNS COAS FAMILIAS

Dende o Centro consideramos que a relación dinámica coas familias é un aspecto imprescindible non só para o bo funcionamento xeral do Centro, senon para o desenvolvemento integral do alumnado. Por este motivo non só colaboramos estreitamente coa APA, senon que ofertamos para todos os pais, nais ou titores legais diferentes charlas formativas, invitámolos a participar en numerosas actividades ó longo do curso tanto a nivel de aula como nas actividades xerais do Centro, mantemos reunións informativas sobre a educación dos seus fillos e establecemos unha "hora de pais" todos os luns de 18:00 a 19:00 h. Cando ás familias lles resulta imposible asistir ó Centro na hora preestablecida, flexibilizamos o noso horario co fin de que todos poidan tratar a nivel individual co profesorado do Centro a evolución educativa dos seus fillos.

# III.- PRIORIDADES EDUCATIVAS E PRINCIPIOS BÁSICOS

Da análise da situación do Centro e das notas identitarias derívanse a determinación das seguintes prioridades e principios básicos que, ó mesmo tempo, definen os obxectivos de Centro e das Etapas.

1. A formación Integral da persoa con capacidade para afrontar o futuro. Fomentarase esta formación dende o punto de vista intelectual, físico e afectivo-social. Impulsaremos valores de responsabilidade, autonomía, tolerancia, repecto ó medio, sensibilidade e espíritu crítico.
2. O tratamento da diversidade existente no centro, respectando as diferencias individuais debidas a distintas capacidades, intereses ou a súa orixe social cultural e económica.
3. A creación dun clima acolledor e confortable, tanto nos aspectos físicos e do entorno como nas relacións persoais, con actuacións, responsabilidade e compromiso de todos os membros da Comunidade Educativa.
4. O achegamento e potenciación da lingua propia da nosa Comunidade, o galego, así como do castelán e do inglés en todos os seus ámbitos e formatos, favorecendo así o enriquecemento cultural que nos ofrece o plurilingüismo.
5. A garantía dunha educación democrática, formando persoas con sensibilidade solidaria e non competitiva.
6. A potenciación de estilos de vida saudables desenvolvendo programas de educación para a saúde e de emprego positivo do ocio e o tempo de lecer.
7. O tratamento dos asuntos da vida da localidade, introducindo nas aulas a análise da problemática social e dos valores que a rexen, facendo partícipe ó alumnado da vida social na que se desenvolve.
8. A diversificación das actividades educativas-culturais dende o Centro e ofrecemento dun maior abano de posibilidades á Comunidade Educativa, compensando, na medida do posible, as carencias da contorna para proporcionar experiencias para o enreiquecemento persoal e social do alumnado.

# IV.- OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

1. A formación Integral da persoa con capacidade para afrontar o futuro. Fomentarase esta formación dende o punto de vista intelectual, físico e afectivo-social. Impulsaremos valores de responsabilidade, autonomía, tolerancia, repecto ó medio, sensibilidade e espíritu crítico.

| OBXECTIVOS DE CENTRO | OBXECTIVOS DE ETAPA |
|---|---|
| ▪ Desenvolver os aspectos dunha educación integral: razoamento, desenvolvemento físico, afectividade, sensibilidade, autoestima, actitude crítica, respecto, convivencia, e uso responsable da liberdade.<br>▪ Evitar actitudes sexistas e discriminatorias por parte do profesorado, para conquerir unha educación máis igualitaria, así como favorecer a utilización de medios e recursos non discriminatorio (láminas, libros de texto, películas, audiovisuais, actividades etc.) para contribuir a superar as discriminacións por razón de sexo.<br>▪ Educar ó alumnado na responsabilidade persoal dos seus actos e na corresponsabilidade nas tarefas colectivas, como proceso de consecución dunha maneira autónoma de comportarse.<br>▪ Ensinar a aplicar todos os coñecementos adquiridos na resolución de problemas | **Educación Infantil**<br>• Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, e as súas posibilidades de acción e aprender a respetar as diferenzas.<br>• Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.<br>• Desenvolver as súas capacidades afectivas.<br>• Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.<br>**Educación Primaria**<br>• Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.<br>• Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na |

| | |
|---|---|
| que se lles poidan prantexar, de forma autónoma e creativa.<br>▪ Potenciar hábitos de conducta positivos, educar na tolerancia, practicar o respecto ás distintas opinións e a diversidade, e fomentar actitudes solidarias básicas para a paz e a non violencia. | aprendizaxe, e espírito emprendedor<br>• Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.<br>• Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.<br>• Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.<br>• Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, ós prexuízos de calquera tipo e ós estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual. |

2. Tratamento da diversidade existente no centro, respectando as diferencias individuais debidas a distintas capacidades, intereses ou a súa orixe social cultural e económica.

| OBXECTIVOS DE CENTRO | OBXECTIVOS DE ETAPA |
|---|---|
| ▪ Valorar a diversidade de culturas, creenzas e ideoloxías como fonte de enriquecemento para as persoas.<br>▪ Educar ós rapaces e rapazas do colexio en actitudes de colaboración que leven a unha situación de solidariedade, tolerancia e respecto que favorezan a integracion do alumnado novo, do alumnado con necesidades educativas especiais, de familias con diferentes niveis sociais ou culturais, do profesorado novo, o persoal non docente e persoas alleas ó Centro; e na valoración positiva do enriquecemento que supón a variedade individual dentro do grupo.<br>▪ Establecer as estratexias necesarias (metodolóxicas, organizativas, curriculares) que permitan a participación real e normalizada de todo o alumnado que permitan unha adecuada atención á diversidade. | **Educación Infantil**<br>• Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como ejercitarse na resolución pacífica de conflitos<br>**Educación Primaria**<br>• Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.<br>• Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas. |

3. Creación dun clima acolledor e confortable, tanto nos aspectos físicos e do entorno como nas relacións persoais, con actuacións, responsabilidade e compromiso de todos os membros da Comunidade Educativa.

| OBXECTIVOS DE CENTRO | OBXECTIVOS DE ETAPA |
|---|---|
| ▪ Participar no coidado do Centro e nos seus elementos persoais e materiais para acadar un Centro humanizador, agradable e limpo.<br>▪ Promover un clima de afecto e acollida para que todos se sintan integrados.<br>▪ Crear un ambiente de traballo e estudo ledo e motivador, capacitando ó alumnado para resolver os seus propios problemas con espíritu razoador, crativo e crítico.<br>▪ Potenciar as actividades colectivas que fomenten as relacións interpersoais entre os membros da Comunidade Educativa.<br>▪ Favorecer e impulsar a formación do profesorado como fonte de riqueza que repercuta positivamente na formación do alumnado. | **Educación Infantil**<br>• Desenvolver as súas capacidades afectivas.<br>• Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como ejercitarse na resolución pacífica de conflitos.<br>**Educación Primaria**<br>• Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.<br>• Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.<br>• Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.<br>• Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, ós prexuízos de calquera tipo e ós estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual. |

4. Achegamento e potenciación da lingua propia da nosa Comunidade, o galego, así como do castelán e do inglés en todos os seus ámbitos e formatos, favorecendo así o enriquecemento cultural que nos ofrece o plurilingüismo.

| OBXECTIVOS DE CENTRO | OBXECTIVOS DE ETAPA |
|---|---|
| ▪ Empregar a lingua galega como lingua vehícular procurando que, progresivamente, chegue a ser a lingua de uso habitual nas actividades do centro, agás as relacionadas coas áreas de lingua castelá e terceiro idioma.<br>▪ Empregar en Ed. Infantil e 1º e 2º de Primaria a Lingua Galega como lingua de aprendizaxe, fomentando de xeito oral nestes niveis o emprego do castelán.<br>▪ Acadar a correcta comprensión e producción de mensaxes orais e escritas, tanto en Lingua Galega como en castelán, a partires de 1º de Ed. Primaria e dunha maneira progresiva.<br>▪ Achegar ó alumnado ó inglés, que permitan acadar ó longo da educación primaria a correcta comprensión e producción dalgúns mensaxes orais e escritos.<br>▪ Despertar no alumnado o gusto pola lectura non só como ferramenta de aprendizaxe, senon dende un punto de vista lúdico.<br>▪ Fomentar unha actitude crítica e reflexiva diante das mensaxes recibidas a través dos medios de comunicación e a publicidade, tratando ó tempo de acadar a capacidade de expresárense a nivel oral e escrito.<br>▪ Promover a utilización das Novas Tecnoloxías como medio de expresión, ámbito de formación do alumnado, e como recurso para a busca de información e ampliación de coñecementos. | **Educación Infantil**<br>• Desenvolver capacidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de comunicación.<br>**Educación Primaria**<br>• Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.<br>• Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.<br>• Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas. |

5. Garantía dunha educación democrática, formando persoas con sensibilidad solidaria e non competitiva.

| OBXECTIVOS DE CENTRO | OBXECTIVOS DE ETAPA |
|---|---|
| ▪ Respectar o pluralismo ideolóxico e inculcar o compromiso cos valores democráticos.<br>▪ Favorecer a participación nas actividades do centro, responsabilizando ó alumnado no uso dos materiais e das instalación.<br>▪ Educar para a paz e o medio ambiente.<br>▪ Respectar ós dereitos humáns, con especial incidencia nos dereitos dos nenos e nenas, rexeitando calquera recurso metodolóxico que leve implícita a violencia.<br>▪ Favorecer a toma de acordos por consenso e posibilitar que sexan respectados resolvendo os conflictos por medio do diálogo e da participación responsable. | **Educación Infantil**<br>• Observar e explorar o seu entorno familiar, natural e social.<br>• Relacionarse cos demais e adquirir pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.<br>**Educación Primaria**<br>• Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.<br>• Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.<br>• Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.<br>• Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención ós relacionados e vinculados con Galicia.<br>• Coñecer e valorar os animais máis próximos ó ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o |

| | |
|---|---|
| | seu coidado.<br>• Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, ós prexuízos de calquera tipo e ós estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual. |

6. Potenciación de estilos de vida saudables desenvolvendo programas de educación para a saúde e de emprego positivo do ocio e o tempo de lecer.

| OBXECTIVOS DE CENTRO | OBXECTIVOS DE ETAPA |
|---|---|
| ▪ Coñecer e aceptar o noso corpo, as súas posibilidades e limitacións e as consecuencias que as distintas prácticas e actitudes positivas e negativas exercen sobre el.<br>▪ Impulsar o desenvolvemento integral e harmónico do corpo, favorecendo a práctica do exercizo físico, hábitos de hixiene e alimentación, actividades deportivas, así como valorar as diferentes conductas e a súa repercusión positiva sobre a saúde.<br>▪ Achegar ó alumnado ás normas de Educación Vial. | **Educación Infantil**<br>• Coñecer o seu corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.<br>**Educación Primaria**<br>• Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.<br>• Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. |

7. Tratamento da problemática social dentro da aula, do Centro e da localidade, propiciando a igualdade, a convivencia e o diálogo.

| OBXECTIVOS DE CENTRO | OBXECTIVOS DE ETAPA |
|---|---|
| ▪ Establecer normas de aula e de centro que faciliten a participación democrática de alumnos e profesores de modo que sexa posible enfrentarse, mediante o diálogo, ós problemas de convivencia e de traballo ca vida escolar xenera.<br>▪ Crar un clima de diálogo, participación e respecto, fomentando a participación e comunicación de todos os membros da Comunidade Educativa na "vida" do noso Centro. | **Educación Infantil**<br>• Observar e explorar o seu entorno familiar, natural e social.<br>• Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.<br>**Educación Primaria**<br>• Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.<br>• Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.<br>• Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.<br>• Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, ós prexuízos de calquera tipo e ós estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.<br>• Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas. |

8. Diversificación das actividades educativas-culturais dende o Centro e ofrecemento dun maior abano de posibilidades á Comunidade Educativa, compensando, na medida do posible, as carencias do contorno para proporcionar experiencias para o enriquecemento persoal e social.

<table>
<tr><th>OBXECTIVOS DE CENTRO</th><th>OBXECTIVOS DE ETAPA</th></tr>
<tr><td rowspan="4">▪ Favorecer e fomentar o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares e a dispoñibilidade dos recursos do Centro para a Comunidade Educativa.<br>▪ Planificar actividades de implicación das familias tanto no proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos como no desenvolvemento xeral do Centro,</td><td>Educación Infantil</td></tr>
<tr><td>• Observar e explorar o seu entorno familiar, natural e social.</td></tr>
<tr><td>Educación Primaria</td></tr>
<tr><td>• Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención ós relacionados e vinculados con Galicia.<br>• Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.</td></tr>
</table>

## IV.1.- OBXECTIVOS MÍNIMOS PARA OS DISTINTOS NIVEIS EDUCATIVOS

| 1º EDUCACIÓN PRIMARIA |
|---|
| **CIENCIAS DA NATUREZA**<br>CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.<br>CNB1.2.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia. |

CNB2.1.1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.

CNB2.1.2. Recoñece partes do propio corpo.

CNB2.1.3. Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.

CNB2.2.1. Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.

CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.

CNB3.1.3. Amosa condutas de respecto e coidado cara aos seres vivos.

CNB4.1.1. Reduce, reutiliza e recicla obxectos na escola.

CNB4.1.2. Identifica e adopta medidas de uso responsable da auga na escola.

CNB4.2.1. Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.

CNB5.1.1. Coñece e nomea os oficios das persoas do seu contorno e evita estereotipos sexistas.

CNB5.1.2. Identifica e manexa algúns aparellos e máquinas simples de uso cotián empregándoos con seguridade e evitando estereotipos sexistas.

## CIENCIAS SOCIAIS

CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.

CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.

CSB2.4.1.Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital.

CSB2.6.1.Nomea os elementos presentes no ceo e explica a importancia que o Sol ten para a vida.

CSB2.8.1.Diferencia entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home e identifica algunha das accións humanas máis destacadas da contorna próxima.

CSB2.9.1.Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima.

CSB3.1.1.Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.

CSB3.2.1.Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.

CSB3.3.1.Respecta as normas de convivencia establecidas na familia e na escola.

CSB3.4.1. Identifica as partes da casa, as representa nun esbozo e coñece e explica o uso que se fai delas.
CSB3.6.1.Clasifica os diferentes medios de transporte da contorna segundo os seus usos, funcións e características.
CSB3.7.1.Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns, etc.
CSB3.8.1.Cita e valora algunha das festas propias do outono, do inverno, da primavera e do verán que se celebran na contorna escolar e contribúe á súa conservación e divulgación.
CSB4.3.1.Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.

## LINGUA GALEGA E CASTELÁ

LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
LGB1.3.2. Segue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.
LGB1.3.4. Participa no traballo en pequeno grupo.
LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais.
LGB1.5.4. Mira a quen fala nun intercambio comunicativo oral.
LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura textos moi sinxelos.
LGB2.4.1. Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas e máis sinxelas do seu funcionamento.
LGB3.1.1. Produce e reescribe textos moi sinxelos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos.
LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.
LGB3.6.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa.
LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral,

palabras e sílabas.

LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.

LGB4.3.2. Separa as palabras que conforman un enunciado.

LGB5.1.2. Valora textos breves e sinxelos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

LGB5.4.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.

**MATEMÁTICAS**

MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.

MTB1.3.1. Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.

MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.

MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.

MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais.

MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

MTB2.2.4. Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.

MTB3.1.1. Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.

MTB3.2.1. Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.

MTB3.3.1. Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.

MTB3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relación. Día, semana e ano.

MTB3.5.1. Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes (5,10, 20 e 50 euros) do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.

MTB4.1.1. Describe a situación dun obxecto do espazo próximo en relación a un mesmo utilizando os conceptos de,diante-detrás, arriba-abaixo, preto-lonxe e próximo-afastado.

MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.

MTB5.1.1.Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas.

**LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS**

Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.

Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.

Practica o recorte, o pegado e o pregado.

Realiza mestura de cores primarias.

Utiliza o punto, a liña e plano ao representar o entrono próximo e o imaxinario.

Realiza composicóns plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.

Utiliza a técnica da colaxe para realizar unha obra persoal.

Emprega liñas e formas xeométricas.

Debuxa a figura humana e as súas partes.

**EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA**

E.A.2- Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.

E.A.1- Realiza diferentes creacións plásticas con uso de formas, texturas e cores diferentes.

E.A.2- Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.).

E.A.1- Realiza composicións utilizando formas xeométricas básicas suxeridas polo profesorado.

**EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA**

EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.

EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.

EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas.

EMB1.2.1. Respecta os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.

EMB1.2.2. Respecta as opinións dos seus compañeiros e das súas compañeiras, así como do profesorado.

| |
|---|
| EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.<br>EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.<br>EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados.<br>EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.<br>EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.<br>EMB2.2.3. Fai de xeito consciente o proceso da respiración.<br>EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.<br>EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.<br>EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros.<br>EMB3.2.2. Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. |
| **RELIXIÓN**<br>1.1.1 Coñece, respecta e coida a creación.<br>2.2.1 Identifica e numera os coidados que recibe na súa vida como dons de Deus.<br>3.3.2 Memoriza e reproduce fórmulas sinxelas de petición e agradecemento<br>1.1.1 Coñece e valora que Deus fala a Abraham e Moisés para ser o seu amigo.<br>1.1.1 Nomea e asocia, lugares e acontecementos importantes da vida de Xesús.<br>2.2.1 Nomea e secuencia representacións gráficas dos momentos esenciais da Semana Santa de Xesús.<br>1.1.1 Asocia as características da familia da igrexa coas da súa familia.<br>2.2.1 Expresa o respecto ao templo como lugar sagrado.<br>3.3.1 Coñece e expresa o sentido do domingo. |
| **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**<br>VSCB1.1.3. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas características físicas e calidades persoais.<br>VSCB1.2.1. Identifica e comunica as súas emocións.<br>VSCB1.2.3.Dramatiza diferentes estados de ánimo.<br>VSCB1.3.1.Participa na práctica de técnicas de relaxación.<br>VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal para comunicar afectos e emocións con amabilidade. VSCB2.4.2. Resalta as súas calidades dos iguais e emite cumprimentos. |

VSCB3.1.1. Desenvolve actitudes de colaboración.

**EDUCACIÓN FÍSICA**

EFB1 1.1. Intenta solucionar os conflitos que xorden na clase

EFB1 2.1. Coñece e participa nas actividades propostas no blog de Educación Física.

EFB1 3.1. Mostra interese polas distintas actividades.

Valorar o interese e o esforzo persoal por riba do éxito ou dos resultados obtidos.

EFB1.3.4. Respecta e coida o material e os espazos empregados.

EFB1.3.5. Facilidade e tolerancia na formación de agrupacións

EFB2.1.1. Non discrimina a ningún compañeiro/a

EFB2.2.1. Recoñece as articulacións e partes do corpo de maneira global.

EFB2.2.3. Responde a diferentes estímulos sensoriais.

EFB3.1.1. Toma conciencia do espazo no que se move, desprazándose en todas as direccións.

Utiliza as nocións topolóxicas básicas. (dentro/fora, diante/ detrás, enriba/debaixo)

EFB4.1.1. Representa mediante a expresión corporal, sentimentos e animais.

EFB4.1.2. Realiza estruturas rítmicas sinxelas.

EFB5.1.3. Realiza o quecemento indicado de maneira autónoma.

EFB6.1.2. Respecta e cumpre as regras dos xogos.

EFB6.2.1. Organízase para xogar libremente.

**2º EDUCACIÓN PRIMARIA**

**CIENCIAS DA NATUREZA**

CNB1.1.1.Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

CNB2.1.1. Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.

CNB2.1.3. Verbalizaa e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.

CNB2.2.2. Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa propia saúde.

| |
|---|
| CNB2.3.1. Identifica os alimentos diarios necesarios.<br>CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.<br>CNB3.2.1. Nomea e clasifica, con criterios elementais a partir da observación, seres vivos do seu contorno adoptando hábitos de respecto.<br>CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga na escola<br>CNB4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola<br>CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.<br>CNB5.1.2. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión, a responsabilidade e a contribución social, evitando estereotipos sexistas.<br>CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso. |
| **CIENCIAS SOCIAIS**<br>CSB1.1.2 .Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.<br>CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.<br>CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía básica propia da área.<br>CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.<br>CSB2.5.3.Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.<br>CSB3.2.1.Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.<br>CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacifica.<br>CSB3.4.1.Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares<br>CSB3.5.1.Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.<br>SB3.7.1Describe as funcións das profesións máis significativas a nivel de concello, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.<br>CSB3.7.2.Diferenza entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan no sector servizos.<br>CSB3.8.1.Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou |

peoa nos medios de transporte.

CSB3.8.2.Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.

CSB4.1.1.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.

CSB4.2.1 Iníciase no coñecemento dos instrumentos de medida do tempo.

CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.

CSB4.5.2.Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.

**LINGUA GALEGA E CASTELÁ**

LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.

LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas...

LCB1.3.1. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: diálogos, exposicións orais guiadas...

LCB1.5.1. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo d uso habitual, do ámbito escolar e social.

LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía moi evidente de textos orais sinxelos atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa: cartas, anuncios, regulamentos, folletos….

LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.

LCB1.9.1. Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas….

LCB1.10.1 Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

LCB2.1.1. Le en voz alta e en silencio, , diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.

LCB2.4.1. Dedica, de xeito guiado, momentos de lecer para a lectura voluntaria.

LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.

LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.

LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social.

LCB3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza..

LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
LCB5.1.1. Valora de forma global, textos propios da literatura infantil: contos, cancións, poesía, cómics, refráns e adiviñas.
LCB5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
LCB5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns, adiviñas.....
LC LCB5.7.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.
LCB5.8.1.2 Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal.

**MATEMÁTICAS**

MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas.
MTB2.1.1. Iníciase na lectura e escritura de números ata o 999.
MTB2.1.2. Comeza a identificar o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.
LGB1.7.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando nexos adecuados.
LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo, expositivo e argumentativo).
LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os

enunciados.

LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e cohesivos, usando o rexistro adecuado.

LGB3.4.2. Escribe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica.

LGB4.1.2. Conxuga e usa as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.

LGB5.3.1. Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.

LCB1.3.1. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.

LCB1.4.2. Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.

LCB1.6.1. Identifica o tema do texto

LCB1.6.3. Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias

LCB1.8.1. Sigue instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas.

LCB1.9.2. Recorda algunhas ideas básicas despois de escoitar un texto e exprésaas oralmente en resposta a preguntas directas.

LCB2.1.1. Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada

LCB2.3.2. Realiza lecturas en silencio resumindo con brevidade os textos lidos.

LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.

LCB3.2.3. Reproduce textos ditados con corrección.

LCB4.2.5. Identifica as oracións como unidades de significado completo. Recoñece a oración simple, diferencia suxeito e predicado.

LCB4.4.2. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.

LCB5.4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.

**MATEMÁTICAS**

MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais,

fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
MTB2.2.2. Utiliza os números negativos en contextos reais
MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes.
MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal
MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións
MTB2.7.4. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.
MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida
MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido.
MTB4.3.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo
MTB5.2.4. Realiza análise crítica e argumentada sobre as informacións que se presentan mediante gráficas estatísticas

## LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

Identifica palabras, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese.
Identifica frases, presentadas previamente, sobre temas familiares e de interese .
Capta a idea global en textos orais e identifica detalles específicos.
Participa en representacións orais.
Participa en interaccións orais cos compañeiros e coa mestra sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predecibles.
Le palabras, frases e textos con claridade, boa pronunciación e entoación correcta.
Escribe palabras, frases e textos a partir de modelos e cunha finalidade específica.
Emprega o soporte dixital para a aprendizaxe da lingua estranxeira.
Recoñece algunhas manifestacións culturais presentes no mundo anglosaxón.

## EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA

EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.

EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.
EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).
EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.
EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.
EPB2.1.6. Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.
EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.
EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.
EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.
EPB3.2.1.Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.

**EDUCACIÓN ARTÍSTICA: MÚSICA**

EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recréaas.
EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.
EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras.
EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento
EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos.
EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.
EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.

| |
|---|
| EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.<br>EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras.<br>EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.<br>EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. |
| **RELIXIÓN**<br>3.1 Descobre e explica porque os enterramentos, pinturas, ritos e costumes son signos da relación do home coa Divinidad.<br>1.1Identifica e valora expresións recolleitas nos libros sapienciales que enriquecen e melloran á persoa.<br>1.3 Propón, dialogando cos seus compañeiros, situacións e comportamentos onde se expresa a riqueza humana que aparece nos textos sapienciales.<br>1.2 Identifica e sintetiza os trazos que Jesús desvela do Pai nos discursos do evangelio de Juan.<br>3.2Constrúe un mapa comparativo das accións de Jesús e as da Igrexa.<br>1.1 Coñece e explica con exemplos a razón pola que Confirmación, Orde e Matrimonio están ao servizo da Igrexa.<br>1.2 Aprende e diferencia os signos e momentos celebrativos da Confirmación, a Orde e o Matrimonio.<br>2.1 Sinala e explica os principais signos pascuales. |
| **VALORES SOCIAIS E CÍVICOS**<br>VSCB1.1.2. Actúa de forma respectable e digna.<br>VSCB1.2.3 Aplica o autocontrol á toma de decisións, á negociación e á resolución de conflitos.<br>VSCB1.5.1. Emprega o pensamento consecuencial para tomar decisións éticas.<br>VSCB2.1.1. Dialoga interpretando e dando sentido ao que oe.<br>VSCB2.6.2.Expón razoadamente as consecuencias dos prexuízos sociais para as persoas do contorno social próximo.<br>VSCB3.2.3. Respecta as regras durante o traballo en equipo. |

VSCB3.4.1. Resolve os conflitos de modo construtivo.

VSCB3.8.1. Analiza formas de discriminación:racismo, xenofobia, desigualdade de oportunidades...

VSCB3.9.1. Valora e respecta a libre expresión.

**EDUCACIÓN FÍSICA**

EFB1.1.2. Explica correctamente un xogo e as súas regras aos compañeiros de clase.

EFB1.2.1. Coñece e participa nas actividades propostas no blogue de Educación Física.

EFB1.2.2. Presenta os seus traballos de maneira correcta e adecuada.

EFB1.3.1. Participa con agrado na actividade física, procurando a mellora das súas destrezas motrices.

EFB1.3.3. Aplica as normas básicas de hixiene relacionadas coa actividade física.

EFB1.3.4. Recolle o material empregado.

EFB1.3.5. Valorar o interese e o esforzo persoal por riba do éxito ou dos resultados obtidos.

EFB2.1.1. Non discrimina a ningún compañeiro/a debido as súas diferenzas corporais ou motrices.

EFB3.1.1. Desprazase correctamente atendendo as circunstancias da actividade así como as axentes externos.

EFB3.1.2. Desenvolve saltos atendendo as circunstancias da actividade así como as axentes externos.

EFB3.1.3. Consegue facer lanzamentos e recepcións atendendo as circunstancias da actividade así como as axentes externos.

EFB3.1.5. Control do equilibrio estático e dinámico, con e sen obxectos e distintas circunstancias e situacións.

EFB4.1.1. Desenvolve a mímica para expresar accións ou ideas individualmente ou en parellas.

EFB5.1.1. Identifica e entende o traballo das diferentes capacidades físicas básicas.

EFB5.1.5. Desenvolve un quecemento de forma autónoma nomeando as diferentes partes que se traballan.

EFB5.2.2.. Identifica e recoñece a súa frecuencia cardíaca.

EFB5.2.3. Adapta o seu esforzo á actividade.

EFB6.1.1. Adáptase as necesidades de calquera situación motriz.

EFB6.2.3. Coñece e practica xogos tradicionais de Galicia.

EFB6.3.3. Distingue as situacións de cooperación e oposicións nos distintos xogos e deportes.

# V.- LIÑA METODOLÓXICA DO CENTRO

A liña metodolóxica do Centro, non debe estar baseada nun só método ou estratexia, senón que deben ser múltiples e complementarios, xa que calquera situación de aprendizaxe está sometida a un gran número de variables.

O feito de non propoñer un só método, non significa que se deixen de definir algúns criterios para seleccionar as estratexias en cada momento. Estas dependerán por unha banda do que se desexe conquerir, con quen e en que circunstancias, e por outra do propio profesorado. Na práctica como cada profesor ou profesora aporta un estilo distinto á súa actividade na aula, resulta aconsellable establecer un marco que posibilite o diálogo entre os membros do equipo docente.

Establecer a liña metodolóxica debe ser froito dun consenso que logre o equilibrio e complementariedade dos diferentes métodos e estilos existentes.

A continuación enuméranse unha serie de criterios que consideramos básicos para establecer a liña metodolóxica do noso Centro.

- Os coñecementos previos serán o punto de partida de toda nova aprendizaxe.
- Intentarase motivar ó alumnado ante cada nova aprendizaxe.
- Sempre que sexa posible estará presente a interdisplinariedade no tratamento dos contidos.
- Dentro das posibilidades do centro ou da materia, a observación directa, a investigación e a experimentación serán as bases de toda aprendizaxe.
- Utilizaranse agrupamentos flexibles que posibiliten a socialización, e tamén se favorecerá o traballo individual e persoal de cada alumno.
- Potenciarase o espíritu crítico e a capacidade de decisión e de discusión.
- Favorecerase a coordinación entre os distintos niveis do Centro.
- Buscarase en todo momento a relación do Centro coa contorna, nos aspectos físicos, socio-culturais, etc., intentando sempre a plena integración do alumnado co medio.
- Empregaranse axeitadamente os recursos dispoñibles, ben no Centro, ben os ofrecidos pola contorna.
- Fomentarase o coloquio, a convivencia, o respecto polos outros, e favorecerase a

realización de actividades integradoras e non sexistas nin discriminatorias.

- Consideramos que a capacidade de traballo, superación e esforzo son a base de calquera aprendizaxe. Fomentarase a importancia da constancia e a tenacidade no proceso educativo de aprendizaxe, que nunca é fácil, pero que si se constrúe pouco a pouco e con seguridade será máis profundo e consistente.

## ACTIVIDADES TRANSVERSAIS:

Ó longo do curso escolar levamos a cabo unhas actividades que abordamos dun modo transversal coas que traballamos os contidos que nos permiten acadar os obxectivos propostos e que son propias e características do noso Centro.

**A CASIÑA:** A casiña é unha experiencia enfocada ó alumnado de Ed. Infantil e 1º e 2º de Primaria, coa finalidade de conexionar a casa coa escola.

A motivación lúdica do proxecto serve para que o alumnado interiorice o seu rol persoal, sen discriminación sexual, e pretendemos que teña unha proxección positiva no seu ambiente familiar, escolar e social, asumindo cada un a súa propia personalidade.

En canto ós obxectivos globais que perseguimos con esta actividade, podemos destacar:

- Integración social.
- Asumir o principio de coeducación como algo natural.
- Crear hábitos de autonomía e identidade.
- Potenciar unha educación ambiental e ecolóxica.

Contamos para realizar esta actividade cunha "casiña", construída en colaboración entre os pais/nais e o profesorado, de 25 metros cadrados, con cociña-sala, cuarto de baño, e dúas habitacións co mobiliario correspondente. Está situada no patio de infantil, anexionada ó pavillón das aulas de infantil.

**SUPERMERCADO:** No edificio principal do Colexio construimos un supermercado, dotado dos elementos que lle son propios a ese tipo de establecementos: envases, prezos, unha máquina rexistradora, carros da compra, en definitiva, todos os elementos que conforman calquera supermercado real. Está pensado para adquirir as competencias matemática, lingüística, social e a de aprender a aprender, partindo de accións da vida real.

**SEMANA CULTURAL E FEIRA TEMÁTICA:** Ó redor da semana das Letras Galegas realizamos no Centro unha Semana Cultural na que desenvolvemos diferentes talleres, xornadas formativas, charlas informativas, exposicións e outras múltiples actividades relacionadas sempre coa temática do proxecto de Dinamización Lingüística e a persoa homenaxeada das Letras Galegas. Un día desa semana levamos a cabo unha Feira Temática na que están convidados a participar todos os membros da Comunidade Educativa. Durante esa xornada fanse exposicións do que se leva traballado nos diferentes talleres, lévase a cabo un xantar de convivencia e desenvólvese o Festival das Letras Galegas, coas actuacións que se preparan nos diferentes cursos.

Con esta actividades pretendemos:

- Facer sentirse ó alumnado como unha parte dun todo, que é o Centro educativo, a través da realización de actividades en común con todos os que formamos parte do mesmo.
- Favorecer a coeducación e a convivencia.
- Facer partícipe a toda a Comunidade Educativa do desenrolo de actividades, tanto a nivel organizativo como resolutivo.
- Levar a cabo actividades de achegamento á cultura galega dunha forma máis lúdica e experimental.
- Compartir co resto da Comunidade Educativa algúns dos traballos que se van realizando ó longo do curso a través de exposicións.
- Darlle unha especial relevancia á persoa homenaxeada nas Letras Galegas ó traballalo conxuntamente con todo ó alumnado.

**ALMORZOS SAUDABLES:** Na primeira semana do mes de outubro realizamos no Centro os "Almorzos Saudables". Durante esta semana o alumnado de cada curso almorza un día no Centro. As familias son informadas do calendario da actividade ó comezo de curso. Cada neno/a trae da súa casa unha taza de plástico e unha culler. O Centro merca os alimentos necesarios para un almorzo saudable: zume, leite, pan, galletas, marmelada, queixo de untar, aceite, colacao, froita e iogures. Esta actividade desenvólvese na biblioteca, preparada para a ocasión cunha mesa tipo buffet, e outras dúas con manteis onde almorzan os nenos e nenas. Antes do almorzo visionamos uns videos explicativos sobre a importancia de realizar un almorzo saudable. Con esta actividade ofrecemos á rapazada non só as pautas para levar a cabo un almorzo san, senón tamén ofrecémoslles un exemplo práctico.

**XOGOS POPULARES:** O día de celebración do Magosto organizamos no Centro a realización de diferentes xogos populares propios da nosa Comunidade. O que se pretende é, dunha banda, intentar recuperar e/ou reforzar unha parte importante da nosa cultura; doutra, facilitar a interacción de calquera membro da localidade co noso alumnado; as familias poden participar nestas actividades, ben implicándose nas mesmas ou como simples espectadoras.

**ENTROIDO:** O venres anterior ó Entroido celebramos no Centro esta festa aberta a toda a Comunidade Educativa, como unha actividade que contribúe á mellora da convivencia entre o alumnado e un achegamento á nosa cultura. Cada ano poñemos unha temática común para todo o alumnado para propiciar ese sentimento de "Centro" e facemos unha degustación de produtos típicos desta festa que nos ofrecen tanto a ANPA como moitos pais e nais do alumnado.

**SAÍDAS DO RECINTO ESCOLAR:** Ó longo do curso realízanse diferentes saídas que afianzan e reforzan os contidos traballados na aula ou actividades propostas polo Centro. Consideramos a realización destas actividades complementarias dentro do horario lectivo, xa que é a forma que temos de garantir que todo o alumnado sexa beneficiario das mesmas. Seguiranse as canles establecidas para a súa aprobación e estarán en función dos proxectos que se leven a cabo. Así mesmo realízanse saídas á casa da cultura de Boiro e á contorna inmediata do Centro, que responden ós programas culturais do Concello de Boiro e outras organizacións e entidades que nos ofertan as súas actividades periódicamente.

# VI.-A AVALIACIÓN:

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o progreso no conxunto das áreas. Estará referida á adquisición de coñecementos e ó dominio das capacidades. O referente para a valoración destes aspectos serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.

O proceso de avaliación terá distintas fases:
1º.- Avaliación inicial, que nos permitirá coñecer a situación da que parte o alumnado.
2º.- Unha avaliación continuada ou formativa, que servirá para realizar os axustes ou correccións necesarias.
3º.- Unha avaliación sumativa ou final, que permitirá coñecer o grao de consecución dos obxectivos.

Os aspectos que toda avaliación debe contemplar serán:

- Coñecer a realidade persoal e do entorno do alumnado.
- Integración no ámbito familiar e escolar.
- Adquisición das destrezas xerais e de cada aspecto dos obxectivos a avaliar.
- As actitudes do alumnado ante o traballo.
- As actividades individuais ou en equipo.
- As adquisicións conqueridas en cada aspecto dos obxectivos de cada área curricular.
- A súa autonomía na aprendrizaxe.

Terase en conta á hora de avaliar ó alumnado con N.E.A.E. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás súas necesidades individuais.

Cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado estableceránse medidas de reforzo educativo. Estas medidas poderán adoptarse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias inprescindibles para continuar co proceso educativo.

Para obter información dos progresos do alumnado no proceso de ensino, utlizaremos:

- Observación directa.
- Observación indirecta.

Estas observacións levaranse a cabo utilizando distintas estratexias, actividades e instrumentos, tales como:

1.- Fichas de seguimento.
2.- Rexistro sistemático de observacións.
3.- Cuestionario personalizado.
4.- Análise dos traballos de cada alumno/a.

O profesorado avaliará tanto os aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Na avaliación do alumnado teranse en conta os seguintes criterios de cualificación, acordados en Claustro e aprobados polo Consello Escolar:

| | |
|---|---|
| 60% : | CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS |
| 40% : | ACTITUDE: -cara ó traballo<br>-atención<br>-responsabilidade |
| | RESPECTO: -ás persoas<br>-ás normas<br>-ó material<br>-ás instalacións |
| | ASISTENCIA E PUNTUALIDADE |

Cada titor/a establecerá unha reunión individual ou colectiva coas familias ó comenzo do curso co fin de comunicarlles os obxectivos do mesmo, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os mínimos esixibles para a promoción.

**AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA:** Aplicarase –como é preceptivo- ó final dos cursos 3º e 6º de Primaria.

No primeiro caso -3º curso- para comprobar o grao de dominio das destrezas, capacidades e habilidades en expresión oral e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas, é dicir, o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática. De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente adoptará as medidas ordinarias e extraordinarias máis axeitadas.

En canto ó alumnado de 6º de Primaria, a avaliación realizarase naqueles centros seleccinados pola administración, e comprobarase o grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, así como o logro dos obxectivos da etapa.

O resultado desta avaliación quedará expresado en niveis. O nivel de cada alumno farase constar nun informe, que será entregado ós pais e terá carácter informativo e orientador tanto para o equipo docente como para o centro no que o alumno realice o curso seguinte.

# VII.-ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO

DENOMINACIÓN: **CEIP "STA. Mª DO CASTRO."**

LOCALIDADE: **Cabo de Cruz**

CONCELLO: **BOIRO.**

PROVINCIA: **A CORUÑA**

## VII.1.- COMPOSICIÓN XURÍDICA:

O Centro é dunha soa liña, e conta con 3 unidades de educación infantil e 6 unidades de educación primaria.

## VII.2.- CATÁLOGO DE POSTOS DE TRABALLO:

| | |
|---|---|
| Educación Infántil | 4 |
| Primaria | 5 |
| Pedagoxía Terapéutica | 1 |
| Educación física | 1 |
| Filoloxía Inglesa | 1 |
| Filoloxía Francesa | 1 |
| Educación Musical | 1 |
| Relixión | 1 |
| D. Orientación | 1 |

# VII.3.- ORGANOS DE GOBERNO

## ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSOAIS:

Na actualidade o Equipo Directivo está formado por:

**A DIRECTORA**

Lucía Abad Sánchez

**Competencias da directora:**

a) Ostentar a representación do Centro, reapresentar á Administración educativa no mesmo e facerlle chegar a ésta os plantexamentos, aspiracións e necesidades da Comunidade Educativa.
b) Dirixir e coordinar todas as actividades do Centro, sen perxuízo das competencias atribuídas ó Claustro e ó Consello Escolar.
c) Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar planes para a consecución dos obxectivos do PEC.
d) Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.
e) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ó Centro.
f) Favorecer a convivencia no Centro.
g) Impulsar a colaboración coas familias, coas institucións e cos organismos que faciliten a relación do Centro co entorno, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudio e o desenvolvemento de cuantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores dos alumnos.
h) Impulsar as avaliacións internas do Centro e colaborar nas avaliacións externas e na avaliación do profesorado.
i) Convocar e presidir os actos académicos e as sesión do Consello Escolar e do Claustro e executar os acordos adoptados, no ámbito das súas competencias.
j) Realizar as contratacións de obras, servizos e suministros, asú como autorizar os gastos de acordó co presuposto do Centro, ordenar os pagos e visar as certificacións e documentos oficiais do Centro.
k) Propoñer a Administración educativa o nomeamento e cese dos membros do equipo directivo, previa información ó Claustro e ó Consello Escolar.

l) Aprobar os proxectos e as normas ós que se refire o capítulo II do título V da LOMCE.
m) Aprobar a PXA en relación coa planificación e organización docente.
n) Decidir sobre a admisión de alumnos, con suxeción ó establecido na lei.
o) Aprobar a obtención de recursos complementarios.
p) Fixar as directrices para a colaboración, con fines educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.

## A XEFA DE ESTUDOS

Ana María Places Viturro

**Competencias da xefa de estudos:**

a) Exercer a xefatura do persoal docente en todo o relativo ó rexime académico.
b) Sustituir ó director en caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións.
c) Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesores e alumnos, en relación co PEC, o PCC e a PXA.
d) Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersoais, os horarios académicos dos alumnos e profesores de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na PXA, así como velar polo seu estricto cumprimento.
e) Coordinar a actividade dos coordinadores de nivel.
f) Coordinar o orientar a acción dos titores de acordo co plano de acción titorial.
g) Coordinar a participación do profesorado nas actividades de perfeccionamento, así como planificar e organizar as actividades de formaciñin de profesores realizadas polo Centro.
h) Coordinar a actividade docente do Centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.
i) Facilitar a organización dos alumnos e impulsar a súa participación no Centro.
j) Establecer os mecanismos para correxir ausencias imprevistas do profesorado, atención a alumnos accidentados ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do Centro.
k) Organizar a atención dos alumnos nos peridos lectivos.
l) Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo director dentro do ámbito da súa competencia.

## A SECRETARIA

Mª Reyes Fernández Neira

**Competencias da secretaria:**

a) Ordenar o réxime administrativo do Centro.
b) Actuar como secretario dos órganos colexiados de goberno do Centro, levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e prace do director.
c) Custodiar os libros e arquivos do Centro.
d) Expedir as certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.
e) Realizar o inventario xeral do Centro e mantelo actualizado.
f) Custodiar e dispoñer a utilización dos medios audiovisuais, material didáctico, mobiliario ou calquera material inventariable.
g) Coordinar, dirixir e supervisar a actividade e funcionamento do persoal de administración e de servizos adscristo ó Centro.
h) Elaborar o anteproxecto de orzamento do Centro.
i) Ordenar o réxime económico do Centro, realizar a contabilidade e render contas ó Consello Escolar e as autoridades correspondentes.
j) Velar polo mantemento material do Centro en todos os seus aspectos.
k) Dar a coñecer e difundir a toda a Comunidade Educativa a información sobre a normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que se reciba no Centro.
l) Presidir a Comisión económica.
m) Calquera outra función que lle encomende o director dentro do seu ámbito de competencia.

# ÓRGANOS DE GOBERNO COLEXIADOS:

## O CLAUSTRO

É intención do Equipo Directivo facer partícipe ó resto do claustro da organización, xestión e toma de decisións que afecten a todos/as. Así, trataranse de consensuar no seu seo tódalas actuacións a realizar, así como de mantelo informado daqueles aspectos que poden

afectar á vida escolar.

O Claustro reunirase ordinariamente unha vez ó mes, cando o considere o equipo directivo ou cando sexa solicitado por, cando menos, un tercio dos membros do mesmo.

**Composición do Claustro no curso 2020/21:**

Luisa Segade Tarrío
Lidia Vidal Lustres
Ana Mª Places Viturro
Lucía Abad Sánchez
Mª Reyes Fernández Neira
Mª Belén Fernández Fernández
Belén Torre Castro
Alba León Martínez
José Antonio Pérez Pérez
Conchi Viña de la Iglesia
Mª Reyes Rodríguez Torres
Javier Vidal Coira
Urko Unzueta Fernández
Violeta Lado Martínez
Francisco Javier Míguez Mato
Laura Guitián Castromil

**Competencias do Claustro de Profesores:** O profesorado, como parte integrante do Claustro teñen as seguintes competencias:

- Formular ó equipo directivo e ó Consello Escolar propostas para a elaboración dos proxectos de Centro e da P.X.A.
- Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da P.X.A.

- Fixar os criterios referentes á orientación, titoría, avaliación e recuperación dos alumnos e alumnas.
- Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do Centro.
- Elixir ós seus representantes no Consello Escolar do Centro e participar na selección do director/a nos términos establecidos pola Lei.
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do Centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o Centro.
- Informar as normas de organización e funcionamento do Centro.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que éstas se ateñan á normativa vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no Centro.
- Calquera outras que lle sexan atribuídas pola administración educativa ou polas respectivas normas de organización e funcionamento.

**Competencias do Titor:** Ademais das funcións do profesorado como parte integrante do Claustro, cada titor ten unhas funcións específicas:

a) Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudios.
b) Proporcionar no principio de curso, ós alumnos e ós pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
c) Coñecer as características persoais de cada alumno a través do análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno.
e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza.aprendizaxe dos alumnos para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.

f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos do seu grupo.
g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do Centro.
h) Orientar ós alumnos dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
i) Informar ó equipo de profesores do grupo de alumnos das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
j) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
k) De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
l) Coordinar o proceso de avaliación dos alumnos do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos dun ciclo a outro, logo de audiencia dos seus pais ou titores legais.
m) Atender, xunto co resto do profesorado, os alumnos e alumnas mentres estes permanecen no Centro nos períodos de lecer.
n) Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudios.
o) Colaborar cos demais titores no marco dos proxectos educativo e curricular do Centro.
p) Orientar as demandas e inquedanzas dos laumnos e mediar ante o resto de profesores, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
q) Informar ós alumnos do grupo, os pai e profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención ós aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
r) Facilitar a cooperación educativa entre os profesores e os pais dos alumnos.
s) Exercer a coordinación entre os demáis profesores do grupo.
t) Cubrir os documentos oficiais relativos ó seu grupo de alumnos.
u) Controlar as faltas de asistencia ou puntualidade dos alumnos, e ter informados ós pais ou titores legais é ó xefe de estudios.
v) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
w) Aquelas outras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.

# O CONSELLO ESCOLAR

O consello escolar reunirase en sesión ordinaria unha vez por trimestre, cando o considere necesario o equipo directivo ou cando sexa solicitado de acordo coa normativa vixente.

**Composición do consello escolar no curso 2021/22:**

| | |
|---|---|
| **DIRECTORA - PRESIDENTA** | LUCÍA ABAD SÁNCHEZ |
| **XEFA DE ESTUDOS** | ANA MARÍA PLACES VITURRO |
| **SECRETARIA** | Mª REYES FERNÁNDEZ NEIRA |
| | |
| **REPRESENTANTES DO PROFESORADO:** | Mª BELÉN FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ |
| | FCO. JAVIER MÍGUEZ MATO |
| | URKO UNZUETA FERNÁNDEZ |
| | ALBA LEÓN MARTÍNEZ |
| | Mª BELÉN TORRE (SUPLENTE) |
| | LAURA GUITIÁN CASTROMIL (SUPLENTE) |
| | |
| **REPRESENTANTE PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS:** | JOAQUÍN FERNÁNDEZ TOUCEDO |
| | JOSEFA RIVADULLA GONZÁLEZ (SUPLENTE) |
| | |
| **REPRESENTANTES NAIS/PAIS:** | AURORA PÉREZ DE LA CRUZ |
| | ALICIA RODRÍGUEZ CASTRO |
| | JOSÉ MARIO VIDAL GÓMEZ |
| | PABLO CHOUZA LÓPEZ |
| | ANTONIO MUÍÑO MONTERO (REPRESENTANTE DA ANPA) |
| | AGUSTÍN RIVAS RÍO (SUPLENTE) |
| | VERÓNICA HERBÓN TRIÑANES (SUPLENTE) |
| | REBECA OZORES NINE (SUPLENTE) |
| | |
| **REPRESENTANTE DO CONCELLO:** | RAQUEL SUÁREZ REGADES |

Para favorecer a transparencia da xestión económica do centro, o equipo directivo dará conta á xunta económica dos ingresos e gastos levados a cabo no período de tempo correspondente. Esta xunta económica será a encargada de revisar e cotexar as facturas e os libros de contabilidade. Neste momento forma parte desta xunta económica como representante dos pais Pablo Chouza López.

**Competencias do Consello Escolar:**

- Avaliar os proxectos e as normas ós que se refire o capítulo II do título V da LOMCE.
- Avaliar a PXA en relación coa planificación e a organización docente.
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- Participar na selección de director/a do Centro nos términos que establece a Lei. Ser informado do nomeamento e cese dos demáis membros do equipo directivo, e no seu caso (adoitado pola maioría de 2/3 dos seus membros) propoñer a revocación do nomeamento do director/a.
- Informar sobre a admisión de alumnos e alumnas, con suxeción ó establecido na Lei.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se ateñan á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director/a correspondan a condutas que prexudiquen gravemente á convivencia do Centro, o Consello Escolar, a instacia dos pais, nais ou titores legais, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.
- Proponer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no Centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas que se refire o artículo 84.3 da LOMCE, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero.
- Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e informar da obtención de recursos complementarios.
- Informar das directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do Centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o Centro.
- Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do Centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.
- Calquera outras que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.

## VII.4.- EQUIPOS E COMISIÓNS:

As diferentes reunións de nivel, equipos e dinamizacións levaranse a cabo todos os luns en horario de 16:00 a 18:00, seguindo un horario prestablecido co fin de que todo o profesorado pertencente a diferentes grupos poda estar presente en todas as reunións.

| | **16:00-17:00** | **17:00-18:00** |
|---|---|---|
| 1º DO MES | BIBLIOTECA / D. LINGÜÍSTIC / COMPLEMENTARIAS / TICS | REUNIÓN XERAL |
| 2º DO MES | COORDINACIÓN 1º-2º-3º | COORDINACIÓN 4º-5º-6º |
| 3º DO MES | D.O. | CLAUSTRO |
| 4º DO MES | PFPP | COORDINACIÓN INFANTIL |

Establécese como hora de titoria e atención ós pais e nais, tódolos luns de 18:00 a 19:00 horas.

### EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

Establécese este equipo co fin de levar a cabo o disposto na orde do 26/ 8/ 91 e que foi actualizada polo D.O.G do 27/ 10/ 92.

A composición deste Equipo varía cada curso, e os seus obxectivos márcanse na súa primeira reunión. Está formado por unha coordinadora, nomeada por dous cursos consecutivos.

Para este curso académico o Equipo está formado por:

| |
|---|
| Belén Torre Castro |
| Belen Fernández Fernández |
| Laura Guitián Castromil |
| Coordinadora: Mª Luísa Segade Tarrío |

**Competencias do Equipo de Normalización Lingüística:**

- Presentar propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluirán neste documento.
- Propoñer á Comisión de Coordinación Pedagóxica, para a súa inclusión no Proxecto Curricular, o plan xeral para o uso do idioma; así como o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc, no ensino.
- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- Informar ó Consello do orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
- Calquera outra función que a Administración educativa estableza na súa normativa.

## COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA:

Estará constituida por:

Os coordinadores de nivel – O mestre de PT - A Xefa de Estudos - A Directora do Centro - A Orientadora - A coordinadora do EDNL - A coordinadora de Biblioteca

Para este curso académico a CCP componse dos seguintes membros:

| |
|---|
| Lucía Abad Sánchez (directora e coordinadora de Biblioteca) |
| Ana Mª Places Viturro (xefa de estudos) |
| Mª Luisa Segade Tarrío (coord. Normalización e dinamización lingüística) |
| Lidia Vidal Lustres(coord. Infantil) |
| Belén Torre Castro (cord. 1º-2º-3º) |
| José Antonio Pérez Pérez (coord. 4º-5º-6º) |
| Laura Guitián Castromil (Orientadora) |
| Fco. Javier Míguez Mato (P.T.) |

**Competencias da Comisión de Coordinación Pedagóxica:**

- Elevar propostas ó Claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración do Proxecto Curricular.
- Velar para que a elaboración dos Proxectos Curriculares de etapa e o Plan de Acción Titorial se realice conforme ós criterios establecidos polo Claustro.
- Asegurar a coherencia entre o P.E.C., o P.C e a P.X.A.
- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións de nivel e o Plan de Acción Titorial, así como as adaptacións curriculares incluídas no Proxecto Curricular.
- Propoñer ó Claustro de profesores os Proxectos Curriculares para a súa aprobación.
- Velar polo cumplimento e posterior avaliación das programacións.
- Canalizar as necesidades de formación do profesorado cara ó Centro de Formación do Profesorado.
- Realizar a proposta ó xefe de estudos (se fose o caso) co fin de que se designe o responsable do euipo de actividades extraescolares e complementarias.
- Propoñer os profesores que formarán parte do equipo de normalización lingüística.

## COMISIÓN DA BIBLIOTECA:

Será a encargada, por unha banda do funcionamento da biblioteca do centro, e, pola outra, de programar ó longo do curso actividades diversas para o fomento da lectura.

Para este curso académico o Equipo deBiblioteca o forman:

Reyes Rodríguez Torres

Ana Mª Places Viturro

Lidia Vidal Lustres

Violeta Lado Martínez

Conchi Viña de la Iglesia

Coordinadora: Lucía Abad Sánchez

**Competencias do Equipo de Biblioteca:**

- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos referentes ó fomento da lectura.
- Organizar a utilización da biblioteca do Centro.
- Informar do orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.

## EQUIPO DINAMIZADOR DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN:

Este equipo ten como función básica colaborar co resto de profesorado no achegamento das tecnoloxías da información e a comunicación a todo o alumnado. Igualmente, programará actividades voluntarias de formación e procurará manter os equipos informáticos actualizados, sempre coa colaboración de todos. Encargarase tamén da actualización da páxina web do Centro e do Blog, propiciando a súa utilización non só como unha fonte de disfrute, senón tamén de información e integración das familias na escola e como unha ferramenta educativa de cara ó alumnado.

Este curso escolar o Equipo TICS está formado por:

José Antonio Pérez Pérez

Fco. Javier Míguez Mato

Urko Unzueta Fernández

Coordinador: Javier Vidal Coira

**Competencias do Equipo Dinamizador das Novas Tecnoloxías:**

- Realizar o mantemento básico dos equipos informáticos do Centro, e realizar as comunicacións pertinentes á UAC cando sexa preciso solventar algunha problemática.
- Levar a cabo o mantemento e actualización da páxina web e o blogue do Centro.
- Supervisar a boa utilización do material específico e da aula de informática.
- Cumplir e facer cumplir as normas para a utilización da aula de informática.

## EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

O profesorado deste Centro programa actividades a nivel colectivo relacionadas coas conmemoracións contempladas tanto no Calendario escolar, como as propias da contorna na que vivimos, que forman parte da nosa cultura.

- Almorzos Saudables
- Samaín
- Magosto
- Nadal
- Entroido
- Día das Letras Galegas e Semana Cultural
- E todas as que se recollen no calendario escolar.

Informarase de todas estas ó Consello Escolar e desenvolveranse polos titores e titoras, en colaboración cos mestres especialistas e o equipo dinamizador das actividades complementarias, e as familias e a AMPA cando as mesmas así o contemplen.

Durante este curso o Equipo de actividades Complementarias e Extraescolares está composto por:

| |
|---|
| Mª Reyes Fernández Neira<br>Coordinadora: Alba León Martínez |

**Competencias do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares:**

- Elaborar o programa anual de actividades complementarias e extraescolares.
- Programar cada unha destas actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- Informar a toda a comunidade educativa destas actividades.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos de nivel e a APA.
- Coordinar a organización dos intercambios escolares e os viaxes de estudos.

- Distribuír os recursos económicos destinados para o efecto e informar ó Consello escolar.
- Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluirá na memoria de Centro.
- Presentar propostas ó Equipo Directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.

## DISPOSICIÓNS FINAIS

O articulado deste Regulamento será lido e comentado en cada clase nos primeiros días de curso.

Este Regulamento verase complementado co Plano Xeral Anual.

Todo o disposto no presente Regulamento, enténdese sen prexuicio da normativa legal vixente.

É susceptible de ser reformado e mellorado, a proposta de calquera dos sectores da comunidade educativa. Para a súa modificación seguirase o mesmo procedemento que se levou para a súa aprobación.

O presente Regulamento, que é de obrigado cumprimento para a toda a Comunidade Educativa, foi aprobado polo Claustro e Consello Escolar no curso 85-86.

No curso 02-03 procedeuse a unha nova actualización e reformulación considerando os aspectos mencionados na introducción deste documento.

En outubro de 2003 procedeuse a unha nova modificación para introducir o relativo á gratuidade dos libros.

En outubro de 2005 introducíronse as funcións do Conserxe e as do persoal da limpeza.

No curso 2015/2016 fíxose unha actualización íntegra do presente documento, adaptándoo á nova lei, perfilando novamente as señas de identidade do Centro e introducindo as competencias dos membros dos diferentes Equipos Docentes, funcións dos titores e dos Órganos Unipersoais e Colexiados. Tamén procedeuse á revisión de todos os Anexos.

No curso 2020/2021 fíxose unha actualización íntegra do presente documento, adaptándoo á nova lei, revisando a redacción para que figure cunha linguaxe inclusiva. Perfiláronse e actualizáronse as liñas metodolóxicas e engadíronse os obxectivos mínimos de cada nivel. Procedeuse tamén á revisión de todos os Anexos; dentro das NOFC engadíuse a figura da coidadora e as súas funcións, así como o recollido na nova lexislación sobre a obxectividade na avaliación.

# **DILIXENCIA**

Este documento foi presentado ó Claustro e ó Consello Escolar nas sesións celebradas o día 30 de xuño do 2021 ás 09:00 horas e ás 12:30 horas respectivamente; e foi informado favorablemente por ambos.

En Cabo de Cruz a 1 de xullo do 2021

A Directora,




Lucía Abad Sánchez